

**CENTENÁRIO  
DE  
DÁMASO ALONSO  
(1898 - 1998)**

**MÉRCORES 8 DE XULLO/98  
9 DA NOITE  
IGREXA PARROQUIAL  
RIBADEO**



**BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO**

HERNÁN NAVAL, DIRECTOR



# P R O G R A M A

Para este concerto procedería un programa extraordinario que sinalase unha certa contemporaneidade co período de vida ecriación de Dámaso Alonso. Non é que poesía e música marchasen tan parellas como moitas veces se afirma no discorrer cultural español do século XX, mais cabería experimentar a interpretación de *lieder* con Banda, se cadra algúnd de Mompou, acaso algunha das cancións de Lorca, mesmo algunha versión dalgúnha das músicas para a pomba equivocada de Alberti... Instrumentalmente, antóllasenos bandística a exposición do primeiro tema do *Concertino de Bacarisso*, demasiado ambicioso pretender tocar con Banda as *Elexias á morte de tres poetas españoles* de Cristóbal Halffter e absolutamente temerario interpretar con amaters unha páxina dodecafónica de Gherard. En fin, que hoxe soase da man da Municipal ribadense algo da xeración da Repùblica (acuñación máis afortunada que a *do 27* para se referir aos compositores contemporáneos da homónima xeración literaria, isto é, para colexiar aos Esplá, Bal y Gay, Remacha, Halffter, Bacarisso, Pittaluga, García Ascot, etc.) sería un fermoso tributo musical a Dámaso. Pero ocorre que os vímbios son os que hai, o tempo para programar o concerto inferior a un mes e tais circunstancias as que obrigan a ofrecer un programa expresivo da liña seguida pola **Banda Municipal de Ribadeo** nos últimos meses, anticipando obras dos concertos das próximas semanas programados con antelación a éste. En definitiva, velaquí un versátil combinado de obras clásicas (Albinoni), música de cine (Williams, North) e nova música para Banda (Bar, de Haan, Huggens...). Así é a **Banda Municipal de Ribadeo**, e precisamente por ser así é polo que poderá tocar un día, ainda que semelle paradóxico, «la música callada, la soledad sonora» de San Juan de la Cruz que Mompou quixo expresar en papel pautado, ou talvez alguén escreba para Banda algo que diga musicalmente que «Madrid es una ciudad con un millón de muertos»...

H.N.

**La dama del vento** ..... Flavio Bar

**Adagio** ..... T. Albinoni

**Vals lírico (da Jazz Suite nº 2)** ..... D. Shostakovitch

**Oregón** ..... Jacob de Haan

**A lista de Schindler** ..... John Williams

(Antonio Martínez Amor, Violín)

**Melodia desencadenada (de Ghost)** ..... Alex North

**Os demos da madeira** ..... Harm Evers

(Marcos Rodríguez, Marimba)

**Choral & Rock Out** ..... Ted Huggens

I. Choral

II. Rock

HERNÁN NAVAL

Director